



**Resolución do 27 de novembro, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca para o curso 2017/2018 o programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, integrado no PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe) de bibliotecas escolares, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. As accións incluídas neste programa, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, van destinadas aos centros públicos, de nivel non universitario e de titularidade desta consellería.**

A formación do alumnado en actitudes solidarias e de compromiso co seu entorno más próximo, pero tamén co mundo no que vive e coa sociedade na que está integrado, pode facerse desde varios ámbitos (a ecoloxía e o medio ambiente, a saúde, a mediación para a convivencia, a coeducación, a igualdade, a implicación na cultura de Paz ou de defensa dos Dereitos Humanos, a educación en valores en xeral), sendo o ámbito da biblioteca e da lectura, unha posibilidade ao alcance de todos os centros que contan cunha biblioteca activa como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.

As novas bibliotecas están a transformarse en espazos de encontro entre os distintos sectores da comunidade escolar, en lugares de intercambio de información e de construcción de coñecemento, a través dunha variedade de actividades que poñen o enfoque, cada vez máis, nesa experiencia compartida de lectura. Os recursos dos que dispoñen, de maneira física ou virtual, alcanzan, a través das actividades programadas, a un importante número de persoas de diferente idade, nivel de formación, intereses, orixe socioeconómica ou sensibilidade.

Unha das funcións más importantes da biblioteca escolar é a de axudar a paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais e de acceso ao coñecemento, poñendo a disposición de todo o alumnado, independentemente da súa situación socioeconómica, todas as ferramentas precisas para avanzar na súa formación como lector crítico e como usuario e produtor de información, competencias claves na actual sociedade da información. Fóra da súa mera existencia e da difusión dos recursos dispoñibles, cómpre o deseño decidido de actividades que contribúan a un uso cotián destes instrumentos culturais por parte do alumnado que máis o precisa.

As bibliotecas escolares dos centros de ensino non universitario (nomeadamente aquelas que están integradas no Plan de mellora de bibliotecas escolares) contan, nunha porcentaxe importante, con grupos de colaboradores que de forma voluntaria participan na xestión e organización da biblioteca, así como en actividades de extensión cultural ou de formación de usuarios, contribuíndo así a que a biblioteca sexa un espazo compartido de convivencia e de aprendizaxe. Obsérvase tamén como tendencia en alza a incorporación de nais e pais como colaboradores da biblioteca, ben directamente na xestión, ben na organización e desenvolvemento de actividades de fomento da lectura (contacontos, teatro, lecturas compartidas...).

Co fin de recoñecer esta contribución ao bo funcionamento dun ben común como é a biblioteca escolar, e o traballo realizado por alumnado, profesorado e familias en beneficio da lectura, nun exercicio da cidadanía activa e solidaria, agrúpanse nun só programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, varias iniciativas de voluntariado cultural relacionado coas bibliotecas e a lectura, tendo como referencia,



ademas, o papel da biblioteca como espazo de convivencia e de compensación de desigualdades.

O Plan LÍA de Bibliotecas Escolares, da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, contempla entre os seus obxectivos para o período 2016-2020 o de “avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva”, así como o de “incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas”. Entre os retos que cómpre afrontar, esta nova fase do Plan LÍA contempla o de “pensar a biblioteca escolar como biblioteca inclusiva para unha mellor atención da diversidade” e, tamén, o de “ampliar as iniciativas destinadas á implicación das familias na formación lectora dos máis novos”. Así pois, Bibliotecas Escolares Solidarias responde aos obxectivos do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares e conta coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, onde se integra como un programa de voluntariado cultural, na liña doutras actuacións xa existentes entre as dúas consellerías.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura en contexto educativo, dispón:

#### Apartado 1: Obxecto.

Estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e recoñecer os esforzos das comunidades educativas por conformar “bibliotecas escolares inclusivas”, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento e ao uso dos recursos culturais e de aprendizaxe, por calquera das causas posibles.

O programa **Bibliotecas Escolares Solidarias** intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social e contempla varias iniciativas que se resumen no seguinte cadro:

	Iniciativa	Finalidade	Características
1	<b>Concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”</b>	Recoñecer a bibliotecas que traballan de forma saliente a compensación de desigualdades e fomentan o <u>voluntariado cultural</u> entre os integrantes da comunidade escolar.	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Convocatoria anual.</li><li>✓ Presentación de memorias por parte dos centros interesados: <b>10 de maio de 2018</b>.</li><li>✓ Os centros con sello concedido en convocatorias de <b>2014 ou 2015</b> deben renovar a súa candidatura.</li><li>✓ Concesión dos selos (un máximo de 15 selos por curso escolar)</li></ul>
2	<b>Voluntariado na biblioteca escolar (Secundaria)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Reconocimento de horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes.</li><li>✓ Destinado a alumnado de ESO, BAC, FP ou ensinanzas de réxime especial.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ As bibliotecas escolares deberán <b>adherirse ao programa</b> no momento que se estipule e levar rexistro das actividades do alumnado (<b>data límite: 21/12/2017</b>).</li><li>✓ Remitir datos alumnado (data límite: <b>31/05/2018</b>)</li></ul>
3	<b>Voluntariado de lectura – A (Primaria)</b>	Estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura entre o alumnado de 5º e 6º de primaria.	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ <b>Inscripción</b> con data límite <b>21/12/2017</b></li><li>✓ Os centros inscritos presentarán memoria de actividades (data límite <b>25/04/2018</b>).</li><li>✓ Seleccionaranse un mínimo de 8 experiencias. Concreción en convocatoria complementaria (febreiro-marzo de 2018).</li></ul>

**Apartado 2: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”**

Este selo é un recoñecemento ao traballo das comunidades educativas a prol dunha biblioteca escolar atenta ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento.

1. Poderán optar a este selo aquelas bibliotecas que:

- a) Propician especificamente **valores de xustiza e solidariedade**, e procuran de forma destacada a **compensación de desigualdades**, poñendo os recursos ao servizo de toda a comunidade educativa, dando resposta ás necesidades de todo o alumnado e favorecendo o uso dos seus recursos e oportunidades con formación e **con fórmulas de aproveitamento axeitadas, mediante un programa específico de medidas estruturais e sistemáticas**. Trátase de valorar aquellas iniciativas que poñen especial atención en atender ás necesidades en materia de lectura e de acceso á información do alumnado e as familias que máis o precisan, por carecer de biblioteca familiar ou estar afastados doutros centros culturais (bibliotecas públicas municipais ou outras).
- b) Contan cun equipo de colaboradores, formado por alumnado do centro: **Alumnado voluntario** (grupos de alumnos e alumnas que se comprometen anualmente a realizar unha serie de tarefas dentro da biblioteca, para o desenvolvemento de actividades de fomento da lectura ou de formación de usuarios, entre outras).
- c) Contan con **familias voluntarias** que colaboran na xestión e dinamización da biblioteca escolar (grupos de pais, nais ou outros membros da familia, que están organizados como “familias colaboradoras da biblioteca”, deseñando e desenvolvendo actividades concretas de apoio á biblioteca e de lectura compartida, de estímulo ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, entre outras).

2. Poden presentar candidatura a este selo as bibliotecas dos centros de infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos ou ensinanzas de réxime especial, mediante a solicitude correspondente (Anexo I), á que acompañará unha memoria de actividades que xustifique a súa participación nesta iniciativa. Remitirase, así mesmo, certificación da dirección do centro conforme as actividades recollidas na memoria están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela. O prazo de presentación de candidaturas correspondente ao curso 2017/2018 remata o **10 de maio de 2018**. A documentación (Anexo I e memoria) subirase, en formato PDF, ao portal da Asesoría de Bibliotecas Escolares a través da páxina <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/818>.

3. Os centros aos que lles foi concedido o selo en convocatorias de 2014 e 2015 deberán renovar agora a súa solicitude, co fin de ratificarse como merecedores deste distintivo.

4. A concesión do selo de Biblioteca Escolar Solidaria correrá a cargo dunha comisión de valoración, presidida polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos e integrada por:

- ✓ A Subdirectora Xeral de Centros
- ✓ A Xefa do Servizo de Voluntariado e Participación (Consellería de Política Social)



- ✓ As persoas responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
- ✓ Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

Este selo é un distintivo de calidade de traballo solidario a favor da comunidade escolar. Os centros seleccionados deberán inserir este selo nos seus espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar. A consellería realizará difusión das experiencias correspondentes aos selos concedidos a través dos seus espazos web, co fin de estimular este tipo de iniciativas e dar a coñecer as boas experiencias e, na medida do posible, acompañará este distintivo dun apoio económico que se concretará nunha ampliación complementaria a esta convocatoria (febreiro-marzo 2018)

### Apartado 3: Voluntariado na biblioteca escolar

1. Os centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas de persoas adultas), de titularidade da consellería, que **contan con grupos formalizados de alumnado colaborador** poden **adherirse** a esta iniciativa, co fin de que o alumnado poida ver recoñecido o seu labor mediante un diploma (no caso dos menores) ou un certificado de horas de voluntariado na biblioteca escolar (no caso dos maiores de idade).

Esta iniciativa pretende **favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural**, que poderá materializarse en actividades de colaboración na biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida ou de traballo coa información, organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro. Estas actividades deberán contribuír á **educar ao alumnado para a solidariedade**.

2. Para a emisión dos diplomas de acción voluntaria na biblioteca escolar, os centros interesados deberán reunir os seguintes requisitos:
  - a) Formalizar a adhesión ao programa “Voluntariado na biblioteca escolar”, dentro do programa Bibliotecas Escolares Solidarias, remitindo á Dirección Xeral de Centros e RRHH a solicitude de adhesión, correspondente ao curso 2017/2018, debendo subirse o Anexo II desta resolución ao portal de Bibliotecas Escolares a través do enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/819>
  - b) O prazo de presentación de solicitudes de adhesión remata o **21 de decembro de 2017**.
  - c) O alumnado participante asinará un compromiso de colaboración segundo o modelo do Anexo IV. No caso dos menores de idade, deberán contar coa autorización específica de seus pais ou titores legais.
  - d) Desde a biblioteca escolar realizarase un seguimento das actividades nas que o alumnado colaborador participa (nº de horas por curso escolar, relación de actividades).
  - e) Deberán realizar un **mínimo de 15 horas** de voluntariado na biblioteca por curso escolar para poder optar ao seu recoñecemento. **O máximo recoñecible será de 30 horas anuais.**



3. Con data límite do **31 de maio de 2018**, desde a dirección do centro remitirase a esta dirección xeral a través a endereço web <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/819> do portal da Asesoría de Bibliotecas Escolares, unha relación definitiva do alumnado colaborador, con indicación de nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº de horas de voluntariado realizadas na biblioteca escolar, así como unha breve relación das actividades desenvolvidas, a efectos de emisión dos diplomas correspondentes e do rexistro, no seu caso, das horas de voluntariado que se indica no punto 4 deste mesmo apartado.

Os orixinais dos compromisos de colaboración asinados no seu momento polo/a alumno/a e a persoa responsable da biblioteca escolar (correspondentes ao Anexo IV) poderán subirse nun so ficheiro ZIP a través do endereço anterior ou ben, remitilos por correo postal ao endereço habitual da Asesoría de Bibliotecas Escolares.

4. **Revisada esta información, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado depositará as experiencias das persoas voluntarias no Rexistrio de Acción Voluntaria de Galicia e emitirá os diplomas de acción voluntaria correspondentes.**

#### Apartado 4: Voluntariado de lectura – A

1. obxectivo desta acción é estimular o voluntariado cultural en relación coa lectura entre o alumnado dos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que matriculan alumnado de **5º e 6º cursos de ensino primario**.
2. Esta iniciativa pretende **favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural**, que poderá materializarse en actividades de colaboración na biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro, e nas que poderán participar, así mesmo, outros sectores da comunidade educativa. Estas actividades deberán contribuír á **educar ao alumnado para a solidariedade**.
3. Os centros interesados deberán enviar a súa solicitude de inscripción nesta iniciativa, e remitir posteriormente unha breve memoria de actividades.
4. En función das inscricóns recibidas concretarase o deseño desta iniciativa nos meses de febreiro-marzo, mediante a publicación dunha resolución complementaria (con detalle do número de centros a premiar polas súas actividades, así como dos obradoiros específicos para un número limitado de alumnos/as voluntarios/as, a impartir nos propios centros finalmente seleccionados. Un centro non poderá ser seleccionado en dous anos consecutivos.

Esta proposta intégrase, así mesmo, como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O alumnado directamente implicado nas actividades programadas polos centros poderán recibir un diploma da súa colaboración como acción de voluntariado cultural.

5. Poderán presentar solicitude de participación (anexo III), aqueles centros que matriculen alumnado de **5º e 6º cursos de primaria**, e nos que o alumnado destes niveis **teña un**



papel protagonista e activo no deseño e desenvolvemento de actividades de biblioteca escolar que se desenvolvan durante o curso 2017/2018, e que poidan encadrarse nunha ou varias das seguintes modalidades:

- A. **Colaboración coa biblioteca escolar:** o alumnado forma parte do equipo de colaboradores que xunto co profesorado, e baixo a súa supervisión, contribúen ao bo funcionamento da biblioteca do centro.
- B. **Ler con... D** (Lecturas compartidas dentro do centro): o alumnado participa no deseño e organización de actividades de acompañamiento na lectura a outros compañeiros ou compañeras, dentro ou fóra do horario lectivo (as denominadas “apadriñamentos lectores”, “titorización lectora”, “lecturas compartidas” ou outras).
- C. **Ler con... F** (Lecturas compartidas fóra do centro): o alumnado participa no deseño e organización de actividades de acompañamiento na lectura a outros nenos e nenas, doutros centros educativos, incluídas as escolas infantís; lectura a anciáns nas residencias de maiores; lectura a enfermos nos hospitais, etc. Poden incluirse neste apartado actividades nas que o alumnado teña unha participación activa na organización e desenvolvemento de actividades de lectura pública na parroquia, a vila ou o barrio. Poderán realizarse tamén xunto con outros nenos e nenas doutros centros, a biblioteca pública ou outras institucións do concello, con carácter esporádico ou periódico.

6. As solicitudes de participación deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) A inscrición realizarase no impreso oficial (anexo III) e, unha vez asinado pola dirección do centro, subírase en formato PDF ao portal de Bibliotecas Escolares a través do enderezo <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/820>

No impreso de inscrición indicarase o número aproximado de alumnos e alumnas que participarán activamente no deseño, xestión e desenvolvemento das actividades obxecto desta convocatoria (non os destinatarios), así como o profesorado directamente implicado; tamén a modalidade ou modalidades nas que se pretende traballar.

O prazo de presentación de inscricións remata o **21 de decembro de 2017**.

- b) O centro terá que presentar unha breve descripción da actividade ou das actividades nas que deseñe participar. Esta descripción tamén se subirá en formato PDF a través do enderezo web anterior.
7. Deberá acompañarse dunha certificación da dirección do centro (que se subirá tamén en formato PDF a través do enderezo web anterior) conforme o Consello Escolar do centro está informado da participación do centro nesta convocatoria.
8. Todas as actividades que se inclúan nesta iniciativa deberán estar integradas na programación anual da biblioteca escolar e coordinadas polo Equipo de Biblioteca, subindo a correspondente certificación da dirección do centro (en formato PDF a través do enderezo anterior). O deseño das mesmas deberá contribuír á consecución dos obxectivos formulados no Proxecto Lector de Centro.
9. O alumnado que colabore coa biblioteca escolar (modalidade “A”) ou que participe en actividades recollidas nas modalidades “B” e “C”, asinarán un compromiso de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

gálicia

colaboración segundo modelo que se achega como anexo V. Deberán contar coa autorización específica de seus pais ou representantes legais. Este contrato arquivarase no centro e estará dispoñible a solicitude do seguimento do programa (Asesoría de bibliotecas escolares).

10. Presentada a solicitude, examinarase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle de que se así non o fixera, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicará no Portal Educativo unha relación cos centros que finalmente participarán nesta iniciativa.

11. Os centros que presenten solicitude de inscrición desenvolverán as súas actividades de forma autónoma ao longo do curso. **Con data límite do 25 de abril de 2018** deberán remitir á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos unha breve memoria, segundo anexo VI.

O arquivo correspondente a esta memoria final deberá subirse de igual xeito ao portal da Asesoría de Bibliotecas Escolares en formato PDF a través do mesmo enderezo web <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/820>. Poderá completarse esta memoria enviando ata un máximo de 6 imaxes en formato JPG.

Desde este mesmo enderezo web achegarase a relación do alumnado participante nesta convocatoria, a efectos da emisión do diploma correspondente.

12. Iniciado o ano 2018, a través dunha resolución desta Dirección Xeral, concretaranse o resto das características desta acción, co fin de definir a resolución definitiva que contemplará, en todo caso, a selección dun mínimo de 8 experiencias de interese.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



José Manuel Pinal Rodríguez



## ANEXO I

ACTUACIÓN				DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
<b>SOLICITUDE DO SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA”</b>				
<i>DATOS DO SOLICITANTE</i>				
Nome do Centro				Código
Enderezo				Concello
Provincia	C.P.	Tfno.	e-mail	

Don/Dona ..... como director/a do centro, solicita a **CONCESIÓN DO SELO “BIBLIOTECA ESCOLAR SOLIDARIA”**, segundo convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 21 de novembro de 2017, publicada no Portal Educativo.

En ..... a ..... de ..... de 201.....

(*Selo e sinatura*)

Asdo.: .....

## BREVE RELACIÓN DE ACTIVIDADES que xustifican a solicitude (máximo 5 páxinas).

1. En relación co traballo específico, desde a biblioteca escolar, para inculcar valores de xustiza e solidariedade e propiciar a compensación de desigualdades, **concretando as características do programa específico de medidas estruturais e sistemáticas** para conseguilo. (Apartado 2, punto 1a) da Resolución de convocatoria).
2. En relación co existencia dun grupo de colaboradores da biblioteca escolar (número de alumnos e alumnas, tarefas das que son responsables, actividades, calendario anual, etc.) (Apartado 2, punto 1b) da Resolución de convocatoria).
3. En relación coas actividades realizadas polas “Familias colaboradoras da biblioteca” ou Familias Voluntarias (características do grupo, actividades, calendario de actuacións...) (Apartado 2, punto 1c) da Resolución de convocatoria).
4. Información sobre a difusión realizada en relación coas actividades recollidas na memoria.
5. Memoria gráfica.
6. No caso de renovación da solicitude, deberá indicarse o ano no que lle foi concedido o selo anteriormente.

## Profesorado de contacto (responsable da biblioteca escolar ou integrante do Equipo de Biblioteca)

- Nome e Apelidos:
- e-mail:
- NIF/DNI:

## Documentación que se achega:

- Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.
- Memoria de actividades

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
SAN CAETANO, bloque 2, 2º – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
www.edu.xunta.es

galicia

## ANEXO II

ACTUACIÓN		DOCUMENTO
<b>SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á INICIATIVA “VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR” (Ensiananza Secundaria e outras)</b>		<i>SOLICITUDE de ADHESIÓN</i>
<i>DATOS DO SOLICITANTE</i>		
Nome do Centro		Código
Endereço		Concello
Provincia	C.P.	Tfno.
		e-mail

Don/Dona ..... como director/a do centro, solicita a **ADHESIÓN DA BIBLIOTECA Á INICIATIVA “VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR”**, segundo convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 21 de novembro de 2017, publicada no Portal Educativo.

En ..... a ..... de ..... de 201.....

(Selo e sinatura)

Asdo.: .....

## COMPROMISOS QUE ASUME A BIBLIOTECA

1. Formar un grupo de alumnos e alumnas colaboradores/voluntarios da biblioteca escolar, establecendo unhas tarefas a realizar e un calendario de participación ao longo do curso escolar.
2. Asinar, xunto co alumnado voluntario, o compromiso de colaboración segundo modelo que se achega (Anexo IV)
3. Facilitar unha formación básica ao alumnado colaborador, co fin de que poida desenvolver con eficacia as tarefas adxudicadas.
4. Supervisar o traballo do alumnado voluntario ao longo do curso escolar.
5. Remitir á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, antes do **31 de maio de 2018** unha relación do alumnado que exerceu labores de voluntariado, nun mínimo de 15 e un máximo de 30 horas, durante o curso escolar 2017/2018, a efectos da súa certificación.

### Profesorado de contacto (responsable da biblioteca escolar ou integrante do Equipo de Biblioteca)

- Nome e Apelidos:
- e-mail:
- NIF/DNI:

### Documentación que se achega:

- Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela.
- Certificación da dirección conforme o Consello Escolar (ou no seu caso, o Consello Social), está informado e aprobou a participación do centro no programa “Voluntariado na biblioteca escolar” no presente curso 2017-2018, ou certificación conforme figura na Programación Xeral Anual onde conste a data da súa aprobación.

SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
SAN CAETANO, bloque 2, 2º – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



## ANEXO III

ACTUACIÓN		DOCUMENTO
<b>“VOLUNTARIADO DE LECTURA – A”</b> <b>(Primaria)</b>		<b>SOLICITUDE DE INSCRICIÓN</b>
<i>DATOS DO SOLICITANTE</i>		
Nome do Centro		Código
Endereço		Concello
Provincia	C.P.	Tfno.
		e-mail

Don/Dona ..... como director/a do centro, solicita a inscripción do centro (alumnado de 5º/6º de Primaria) nas actividades de voluntariado cultural relacionado coa lectura, “Voluntariado de lectura –A”, e na modalidade que se indica, segundo convocatoria do programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, para o curso 2017/2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 21 de novembro de 2017, publicada no Portal Educativo.

En ..... a ..... de ..... de 201.....

(Selo e sinatura)

Asdo.: .....

(Sinalar unha ou varias)

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN	
<b>Modalidade “A”: COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Nº aproximado de alumnas e alumnos colaboradores(5º/6º de primaria): _____</li> <li>✓ Breve descripción das actividades previstas para o curso 2017/2018 (máximo 1 páxina)</li> </ul>	
<b>Modalidade “B”: LER CON ... D (Lecturas compartidas DENTRO do centro)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Nº aproximado de alumnas e alumnos participantes, directamente implicados no deseño e desenvolvemento da actividade (5º/6º de primaria): _____</li> <li>✓ Breve descripción das actividades previstas para o curso 2017/2018 (máximo 1 páxina)</li> </ul>	
<b>Modalidade “C”: LER CON ... F (Lecturas compartidas FÓRA do centro)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Nº aproximado de alumnas e alumnos participantes, directamente implicados no deseño e desenvolvemento da actividade (5º/6º de primaria): _____</li> <li>✓ Breve descripción das actividades previstas para o curso 2017/2018 (con indicación das entidades coas que se comparte a actividade, no seu caso). (máximo 1 páxina)</li> </ul>	
<b>Profesorado de contacto (responsable da biblioteca escolar ou integrante do Equipo de Biblioteca)</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nome e Apelidos:</li> <li>- e-mail:</li> </ul>	
<b>Documentación que se achega:</b>	
<input type="radio"/> Certificación da dirección conforme o Consello Escolar do Centro está informado sobre a participación do centro nesta convocatoria. <input type="radio"/> Certificación da dirección conforme as actividades están integradas na programación anual da biblioteca e coordinadas polo equipo responsable dela. <input type="radio"/> Descripción da actividade ou actividades nas que se inscribe o centro.	



## ANEXO IV – VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR (Ensinanza secundaria e outras)

### Acordo de colaboración entre o alumnado voluntario e a biblioteca escolar

Nome do Centro	Código
Enderezo	
Concello	Provincia

#### Pola BIBLIOTECA ESCOLAR

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

#### ALUMNO/A VOLUNTARIO/A

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

DNI/NIF: \_\_\_\_\_ Data de nacemento: \_\_\_\_\_

Curso/Nivel no curso 2017/2018: \_\_\_\_\_

Ámbalas dúas partes asinan este ACORDO DE COLABORACIÓN en relación coas actividades de voluntariado cultural na biblioteca escolar. A tal fin MANIFESTAN:

1. A **biblioteca escolar** do centro adhírese ao programa “Bibliotecas Escolares Solidarias” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar (D.X. de Xuventude e Voluntariado), na iniciativa “VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR”.
2. Esta actividade está incluída na súa programación anual, e nela pode participar o alumnado matriculado no centro, interesado en realizar labores de voluntariado e traballo en beneficio da comunidade. Esta iniciativa pretende favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade, así como fortalecer as competencias en materia de comunicación lingüística e de autonomía e iniciativa persoal, de aprender a aprender, de competencia dixital e tratamiento da información, entre outras.
3. O/A **alumno/a voluntario/a** está interesado en colaborar de maneira altruista no deseño e organización de actividades nas que sexa posible a colaboración voluntaria de alumnado, así como en tarefas de xestión e dinamización da biblioteca escolar, supervisadas polo profesorado do Equipo de Biblioteca.
4. Para formalizar este compromiso que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (DOG núm. 242, do 21 de decembro), que é polo que se rexe o dito **acordo de colaboración**:

#### CLÁUSULAS

##### Primeira. Carácter altruista da colaboración

A colaboración do alumnado coa biblioteca escolar ten carácter totalmente altruista.

##### Segunda. Dereitos e deberes da persoa voluntaria

1. O alumnado voluntario ten os seguintes **dereitos**:
  - a) Recibir a formación necesaria e os medios que sexan precisos para a realización da actividade voluntaria.
  - b) Dispoñer dunha acreditación que o identifique como alumnado voluntario
  - c) Participar activamente no deseño, realización e avaliación das actividades nas que colabore.
  - d) Acordar coa persoa responsable da biblioteca escolar o horario de dedicación, a definición das tarefas a realizar e outras características da actividade na que vai colaborar.
  - e) Recibir diploma ou certificado acreditativo da súa participación en actividades de voluntariado de na biblioteca escolar.
  - f) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de alumno/a voluntario/a.
2. O alumnado voluntario ten as seguintes **obrigas**:
  - a) Realizar as súas actividades de colaboración segundo o acordado co profesorado do Equipo de



biblioteca do centro.

- b) Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria na realización das actividades encomendadas, de acordo coas normas e as indicacións do profesorado da biblioteca escolar.
- c) Participar nas actividades formativas que se organicen para o alumnado colaborador.
- d) Respectar os dereitos do resto do alumnado e das demais persoas integrantes da comunidade escolar ou participantes nas actividades nas que colabora.
- e) Utilizar debidamente a identificación recibida como alumno/a colaborador/a.
- f) Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca ou os que se poñan á súa disposición para o exercicio das actividades.
- g) Comunicar cun tempo prudencial a súa renuncia como alumnado colaborador da biblioteca.

**Terceira. Deberes da biblioteca escolar.**

- a) Incluír as actividades de voluntariado na biblioteca escolar na programación anual da biblioteca escolar e nos seus protocolos de actuación.
- b) Facilitar ao alumnado unha acreditación que o identifique como alumnado colaborador.
- c) Formar ao alumnado colaborador para o exercicio das funcións que lle correspondan.
- d) Facilitar a participación do alumnado colaborador no deseño e realización de accións previstas como actividades de voluntariado na biblioteca (xestión, fomento da lectura, tratamiento da información...).
- e) Establecer un calendario que facilite a participación do alumnado colaborador ao longo do curso escolar.
- f) Realizar seguimento e acompañamento do alumnado na realización das actividades.
- g) Elevar á coordinación do programa (D.X. de Centros e RRHH), información sobre as horas de voluntariado realizadas, a efectos de certificación.

**Cuarta. Contido das funcións e actividades do alumnado voluntario.**

O/a alumno/a voluntario/a prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da biblioteca escolar:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

**Quinta. Tempo de dedicación que se compromete a realizar o alumnado colaborador.**

O/a alumno/a voluntario prestará a súa colaboración durante \_\_\_\_\_ horas repartidas en \_\_\_\_\_ semanas do curso escolar.

**Sexta. Duración do compromiso.**

O presente acordo terá unha duración dun ano escolar. Poderá romperse por calquera das dúas partes, avisando con antelación suficiente.

De conformidade contido deste acordo, asínano ambas partes en

\_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Polo Equipo de biblioteca

O/a alumno/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## ANEXO V – VOLUNTARIADO DE LECTURA-A Ensinañza primaria

### Acordo de colaboración entre o alumnado voluntario e a biblioteca escolar<sup>1</sup>

Nome do Centro	Código
Enderezo	
Concello	Provincia

Pola BIBLIOTECA ESCOLAR

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

ALUMNO/A VOLUNTARIO/A

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

5º curso de primaria



6º curso de primaria



Ámbalas dúas partes asinan este ACORDO DE COLABORACIÓN en relación coas actividades de voluntariado cultural na biblioteca escolar ou en actividades de voluntariado relacionadas coa lectura. A tal fin MANIFESTAN:

1. A biblioteca escolar do centro establece un programa de voluntariado de lectura, entre as actividades que se contemplan no seu programa anual, nas que pode participar o alumnado dos dous últimos cursos de Educación Primaria. Estas actividades pretenden favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade, así como fortalecer as competencias en materia de comunicación lingüística e de autonomía e iniciativa persoal, entre outras.
2. O/A alumno/a voluntario/a está interesado en colaborar de maneira altruista no deseño e organización de actividades nas que sexa posible a colaboración voluntaria de alumnado.
3. Para formalizar este compromiso que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 13 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria (DOG núm. 242, do 21 de decembro), que é polo que se rexe o dito **acordo de colaboración**:

#### CLÁUSULAS

##### Primeira. Carácter altruista da colaboración

A colaboración do alumnado coa biblioteca escolar ten carácter totalmente altruista.

##### Segunda. Dereitos e deberes da persoa voluntaria

1. O alumnado voluntario ten os seguintes **dereitos**:
  - a) Recibir a formación necesaria e os medios que sexan precisos para a realización da actividade voluntaria.
  - b) Dispoñer dunha acreditación que o identifique como alumnado voluntario
  - c) Participar activamente no deseño, realización e avaliación das actividades nas que colabore.
  - d) Acordar coa persoa responsable da biblioteca escolar o horario de dedicación, a definición das tarefas a realizar e outras características da actividade na que vai colaborar.
  - e) Recibir diploma acreditativo da súa participación en actividades de voluntariado de lectura na biblioteca escolar.
  - f) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de alumno/a voluntario/a.
2. O alumnado voluntario ten as seguintes **obrigas**:
  - a) Realizar as súas actividades de colaboración segundo o acordado coa biblioteca escolar.
  - b) Actuar de forma responsable, eficaz e solidaria na realización das actividades encomendadas, de acordo coas normas e as indicacións do profesorado da biblioteca escolar.
  - c) Participar nas actividades formativas que se organicen para o alumnado colaborador.
  - d) Respectar os dereitos do resto do alumnado e das demais persoas integrantes da comunidade

<sup>1</sup> Este modelo poderá ser adaptado por cada biblioteca.



escolar ou participantes nas actividades nas que colabora.

- e) Utilizar debidamente a identificación recibida como alumno/a colaborador/a.
- f) Coidar e facer bo uso dos materiais e recursos da biblioteca ou os que se poñan á súa disposición para o exercicio das actividades.
- g) Comunicar cun tempo prudencial a súa renuncia como alumnado colaborador da biblioteca.

**Terceira. Deberes da biblioteca escolar.**

- a) Incluir as actividades de voluntariado de lectura e de colaboración coa biblioteca na programación anual da biblioteca escolar e nos seus protocolos de actuación.
- b) Facilitar ao alumnado unha acreditación que o identifique como alumnado colaborador.
- c) Formar ao alumnado colaborador para o exercicio das funcións que lle correspondan.
- d) Facilitar a participación do alumnado colaborador no deseño e realización de accións previstas como actividades de voluntariado de lectura.
- e) Realizar seguimento e acompañamento do alumnado na realización das actividades.

**Cuarta. Contido das funcións e actividades do alumnado voluntario.**

O/a alumno/a voluntario/a prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da biblioteca escolar:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

**Quinta. Tempo de dedicación que se compromete a realizar o alumnado colaborador.**

O/a alumno/a voluntario prestará a súa colaboración durante \_\_\_\_\_ horas repartidas en \_\_\_\_\_ semanas do curso escolar.

**Sexta. Duración do compromiso.**

O presente acordo terá unha duración dun ano escolar. Poderá romperse por calquera das dúas partes, avisando con antelación suficiente.

De conformidade contido deste acordo, asínano ambas partes en  
\_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Polo Equipo de biblioteca

O/a alumno/a

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO VI

### MEMORIA DE ACTIVIDADES - VOLUNTARIADO DE LECTURA – A”

Para optar á selección de centros nos que se impartirán obradoiros específicos (a concretar nunha ampliación desta convocatoria nos primeiros meses de 2018), deberá presentarse **con data límite do 25 de abril de 2018**, una memoria de actividades deseñadas e realizadas pola biblioteca do centro, que se poidan encadrar no ámbito do **voluntariado de lectura**, e nas que estivese directamente implicado alumnado dos dous últimos cursos de ensino primario, acorde cos datos reflectidos na solicitude de inscrición (modalidade e breve descripción).

A memoria terá un máximo de cinco páxinas e deberá incluír os seguintes puntos:

- *Modalidade (A, B ou C)*
- *Nome da actividade*
- *Profesorado e alumnado directamente implicado no seu deseño e posta en marcha (nome, apelidos, DNI e nivel educativo, no caso do alumnado)*
- *Nº de alumnos e alumnas que participaron como beneficiarios directos da actividade (destinatarios).*
- *Outras persoas ou institucións implicadas, no seu caso.*
- *Descripción das accións realizadas (indicando se son actividades puntuais ou teñen unha determinada periodicidade; no caso de que sexa unha actividade que xa se leva facendo no centro desde anos anteriores, detallar este aspecto).*
- *Grao de autonomía alcanzado polo alumnado implicado.*
- *Referencia dos textos ou das temáticas que foron obxecto da actividade (no caso das modalidade B e C)*
- *Valoración da actividade en relación cos valores de solidariedade, colaboración e compromiso co seu entorno, así como a adquisición de competencias clave do currículo.*
- *Difusión realizada a través da rede e outros medios.*
- *Datos da persoa coordinadora desta actividade (responsable ou membro integrante do equipo de biblioteca).*

A memoria estará asinada pola persoa coordinadora e visada pola dirección do centro.

O arquivo correspondente a esta memoria final deberá subirse de igual xeito ao portal da Asesoría de Bibliotecas Escolares en formato PDF a través do mesmo enderezo web <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/820>. Poderá completarse esta memoria enviando ata un máximo de 6 imaxes en formato JPG cun peso total de 2 mb.